

ABAU

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - EXEMPLO 1

LINGUA GALEGA E LITERATURA

(Cód. 02)

PREGUNTA 1. Comprensión do texto de *GCiencia*

1.1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto. **(0,5 puntos)**

1.2. Localice no texto catro conectores textuais e indique o tipo. **(1 punto)**

1.3. Explique o significado que teñen no texto as seguintes palabras: “negación”, “emerxencia”, “mito”, “desacreditar”. **(1 punto)**

1.1.

Valórase que o alumnado sexa quen de recoller nunha liña o tema principal do texto. Por exemplo:

- Este texto trata sobre os intereses económicos ocultos trala difusión de falacias sobre o cambio climático.
- Este texto persegue desmontar as mentiras sobre o cambio climático que difunden, no seu propio interese, os negacionistas.
- Este texto presenta probas científicas contra algunhas falacias sobre o cambio climático.

1.2. Hai varias posibilidades:

“Con todo”: contrastivo.

“Como consecuencia”: consecutivo.

“A continuación”: de ordenación ou organización.

“Pero”: contrastivo.

“Polo que”: consecutivo.

1.3.

0,25 puntos cada palabra adecuadamente definida. Se responde só cun sinónimo, 0 puntos.

PREGUNTA 2. Producción textual

2. Redacte un texto, no que exprese a súa opinión sobre o tema do artigo de *GCiencia*. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

Valórase a capacidade para producir un texto argumentativo coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente.

Os **2,5 puntos** desagregaranse do seguinte xeito:

1. Construción textual (contido e estrutura). Coherencia. 1 punto.

Valórase:

- 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da **información pertinente e necesaria** para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns), como a “orixinalidade gratuita”. Débense evitar as paráfrases do texto.
- 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade **continuidade temática e progresión informativa**, así como non introducir contradicións. O adecuado emprego dos signos de **puntuación**.
- 1.c) A organización da información e a súa **división clara en parágrafos** (exemplo: introdución, desenvolvemento, conclusións).
- 1.d) Uso pertinente de diversidade de **conectores**.

2. Adecuación léxico-gramatical e cohesión. 0,75 puntos.

Valórase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade (coloquialismos) e dos textos espontáneos e non planificados, como os que amosan un requintamento afectado, así como as palabras comodín. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos, é dicir, evitar as repeticións mediante o emprego dos procedementos de cohesión (gramaticais e léxico-semánticos).

Marcar e penalizar: **coloquialismos, palabras comodín, repeticións...**

Tamén se penalizarán cuestións de presentación e formato, como non subliñar os títulos das obras.

3. Corrección lingüística. 0,75 puntos.

Débense aplicar os mesmos criterios que na valoración lingüística xeral.

Observación: No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación de acordo cos criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

PREGUNTA 3. Funcionamento da lingua (sobre o texto de *GCiencia*)

3.1. Segmente morfoloxicamente estas palabras do texto e indique o valor de cada morfema: “desenvolvemento”, “invernadoiro”, “negacionista”, “solares”. **(1 punto)**

3.2. Localice no texto catro palabras nas que aparezan os mesmos sons que os representados polas grafías que se subliñan nestas: peixe e exame; quero e queres. **(1 punto)**

3.3. Identifique a función sintáctica dos dous fragmentos subliñados no texto (sen analizar os seus compoñentes). **(0,5 puntos)**

3.1.

0,25 cada palabra correctamente segmentada e analizada. 0,10 p. se está ben segmentada e 0,15 p. se se indica o valor correcto dos morfemas (de todos eles; un valor mal por palabra xa supón 0 puntos).

0,25 - Des-envolv-e-mento: raíz (morfema léxico) + morfema flexivo (VT) + morfemas derivativos (prefixo e sufixo). Tamén se admite que non separen a VT e que si separen o en-

0,25 - Invern-a- doiro: raíz (morfema léxico) + morfema flexivo (VT) + morfema derivativo (sufixo). Tamén se admite: inverna-doiro.

0,25 - Nega-cion-ista: raíz (morfema léxico) + morfemas derivativos (sufixos).

0,25 - Sol-ar-es: raíz (morfema léxico) + morfema derivativo (sufixo) + morfema flexivo (de número).

3.2. 0,25 cada palabra ben indicada. Propoñemos varias opcións para cada unha das palabras, aínda que o alumnado só ten que indicar unha.

Peixe = enerxética / emerxencia / deixou / paleoclimatoloxía...

Exame = expoñemos / excepcionalidade / existencia.

Quero = Calquera palabra con vogal medio-aberta: centos, ten, enerxética...

Queres = Calquera palabra con vogal medio-aberta: centos, ten, enerxética...

Con fin de verificar a pronuncia, tomamos como referencia: Xosé Luís Regueira (dir.): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc-gal/pronuncia/>

3.3.

0,25 puntos cada función sintáctica ben identificada.

- “Centos de millóns de euros”: CD (complemento ou obxecto directo).

- “As manchas solares”: Suxeito.

PREGUNTA 4. Lingua e sociedade

4.1. Analice esta viñeta, de xeito que inclúa na explicación o significado técnico dos conceptos “prexuízo”, “lingua dominante” e “lingua minorizada”. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

En Galicia, desde o punto de vista cualitativo, o castelán é a lingua dominante e o galego a minorizada, debido a que aquela segue tendo maior presenza en ámbitos de prestixio, como o xudicial, médico, administrativo, etc. Esta situación dábase en maior medida en séculos pasados, de xeito que o galego estaba totalmente marxinado de calquera ámbito formal, o que provocou o prexuízo segundo o cal o castelán era considerado a lingua da cultura e a riqueza e, en consecuencia, os galegofalantes, se querían acceder aos ámbitos de prestixio, tiñan que aprender o castelán. Isto deu lugar á norma social de que os galegofalantes se debían adaptar á lingua considerada superior, o castelán, mentres os castelanfalantes mantiñan a súa lingua en todo momento. Non facelo era considerado de mala educación, como se recolle na viñeta.

Coa chegada da democracia, recoñécese por fin o galego como lingua propia e cooficial de Galicia (Estatuto de Autonomía, 1981), o que supón que se empece a empregar xa en todos os ámbitos, iniciándose así o seu proceso de normalización. Polo tanto, hoxe en día todos os galegos e galegas teñen dereito a usar tanto o galego como o castelán, ambas as linguas xa se estudan na escola e, de feito, as porcentaxes de competencia e, sobre todo, de comprensión do galego son moi altas entre a poboación. En consecuencia, a norma social de cambiar ao castelán non ten ningún fundamento, senón que cadaquén pode manterse na lingua da súa preferencia, sen que isto sexa considerado falta de educación. No caso de adaptarse á lingua da persoa interlocutora, tanto se podería facer do galego ao castelán como á inversa. Ademais, comeza a darse o mantemento de cada falante na súa lingua, o que se coñece como conversas bilingües.

4.2. Analice o seguinte gráfico sobre a lingua inicial en Galicia en función da idade (IGE, 2018) e sinale dúas posibles medidas de normalización en relación coa situación descrita. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

No gráfico observamos que a adquisición do galego como primeira lingua descende a medida que o fai a idade, de xeito que a diferenza entre o grupo máis novo e o de máis idade é superior ao triplo. Resulta máis preocupante aínda, que nas persoas máis novas (de 5 a 14 anos), o bilingüismo permanece igual, mentres que o castelán como lingua inicial aumenta considerablemente. En definitiva, cada vez son menos os nenos e nenas que aprenden a falar en galego como primeira lingua.

Unha posible medida de normalización sería unha campaña de publicidade dirixida ás familias, como é a campaña Apego, baseada no argumento de que un neno ou nena educado nunha familia galegofalante vai ser probablemente bilingüe, pois o castelán xa se aprende por outras vías fóra da familia. Tamén é importante incidir noutros ámbitos, como nos medios de comunicación, sobre todo a televisión e outros dispositivos audiovisuais (tableta, móbil, etc.). Polo tanto, unha segunda medi-

da estaría destinada á creación e difusión de máis contidos en lingua galega adecuados para a infancia e mocidade. Neste sentido, destaca a campaña da Mesa pola Normalización Lingüística de creación dunha canle integramente en galego da TVG para o público máis novo.

PREGUNTA 5. Educación literaria:

5. Contextualice o texto de Ánxel Fole na época correspondente e identifique e explique catro características do seu autor, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala dúas tendencias narrativas máis da mesma época, os seus autores máis representativos e dúas obras de cada un. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

“Moitas veces ouvín decir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. (...) Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. (...) Dous lobos grandismos fórono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que fóran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces púñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio.” Ánxel Fole, “Os lobos”, *Á lus do candil* (1953)

Ánxel Fole é un dos renovadores da prosa de posguerra, cando, a partir da creación da editorial Galaxia (1950), se volve publicar literatura en lingua galega tras o silencio desde a Guerra Civil.

Fole cultivou a literatura e o xornalismo e, como escritor, centrouse no relato curto, principalmente ambientado na montaña luguesa (O Incio e O Courel). A súa narrativa insírese no marco do realismo popular e caracterízase polo emprego na escrita de técnicas tradicionais do conto oral, como as apelacións á persoa lectora e as referencias ao narrador (“todos coñecedes coma min...”). Trátase do tamén chamado por el “conto contado”. Así mesmo, reflicte nos seus textos a variedade dialectal do Courel (“dil, maos, cas, il, iles...”). Este naturalismo lingüístico retrata a lingua oral das zonas da montaña luguesa que describe. Os seus contos ambiéntanse, así, na Galicia rural (cans, lobos, coios), con personaxes propios deste contexto, como o castrador ou capador. Ademais, a temática responde tamén aos contos de medo tradicionais, como podemos ver neste caso na figura dos lobos como ameaza ante a soidade do home. A súa narrativa ten un valor etnográfico ao reproducir as crenzas e supersticións do mundo do rural galego daquela época.

Outras dúas tendencias narrativas deste mesmo período son:

- O realismo fantástico de Álvaro Cunqueiro, con obras como *Merlín e familia* ou *As crónicas do Sochantre*, nas que recrea mundos míticos e fantásticos, mesturados coa imaxinación colectiva do mundo popular.

- O realismo social de Eduardo Blanco Amor, centrado na vida das clases populares e no ambiente urbano. As súas obras máis representativas son *A esmorga* e *Xente ao lonxe*.

PREGUNTA 6. Educación literaria:

6. Contextualice este poema na época correspondente¹. Destaque e analice dúas características do poema que permitan situar a súa autora nas novas tendencias deste xénero. Engada o nome doutras dúas voces poéticas representativas desta época e un poemario de cada unha. (Ext. aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

Estamos ante un poema de autoría feminina, que pon de manifesto a consolidación da muller na produción literaria nas últimas décadas, visibilizando de forma consciente o punto de vista feminino. Fronte á tendencia culturalista doutros períodos, esta nova poesía está caracterizada pola presenza dunha linguaxe máis próxima e accesible, así como por temáticas relacionadas co íntimo e o cotián. Neste sentido, búscase trasladar unha mensaxe clara e directa, evitando os artificios literarios superfluos.

Respecto ás características concretas do texto, observamos unha voz lírica en primeira persoa que remite a un eu íntimo e introspectivo, que se ispe ante a persoa receptora. Isto contribúe a que nos identifiquemos cos sentimentos desacougantes que transmite o poema. Ademais, os versos “rescatei un poema sen voz” introducen unha referencia metaliteraria e supoñen unha metáfora de significado múltiple, que se pode reinterpretar desde diversos puntos de vista, desde máis persoais ata vinculados a cuestións sociais, na liña da linguaxe simbólica.

Canto á segunda característica, podemos destacar, desde o punto de vista da forma, que o poema non segue ningún esquema compositivo tradicional nin presenta rima, pero si regularidades métricas: versos heptasílabos combinados con outros máis breves, todos eles de arte menor.

Outras voces poéticas representativas desta época poden ser Yolanda Castaño, coa súa obra *O libro da egoísta*, ou Olga Novo, con *Nós nós*.

Tanto na pregunta 4 como na 5 e a 6 espérase unha resposta breve, pero redactada, non contestada de xeito esquemático.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Ademais dos contidos de cada pregunta, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, que se aplicará a todas as preguntas, **excepto a 2**. Polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un **máximo de 2 puntos** por erros. Estes poderán ser:

- **Moi graves:** Desconto **0'2 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel morfolóxico e sintáctico**, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

¹ A raíz dos comentarios do profesorado, modificamos o enunciado desta pregunta con respecto ao ofrecido o curso pasado.

- **Graves:** Desconto **0'1 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel léxico**, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta **acentuación diacrítica**.
- **Leves:** Desconto **0'05 puntos cada un**. Solucións **ortográficas** contrarias ao estándar vixente (b/v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descuentan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.